

# Encontros

PINTURA, ESCULTURA E GRAVADO

Xosé  
Garcia Albeos



Mario  
Hortas Guldris



Antonio  
Díaz Pedreira



Do 8 de xuño ao 8 de xullo de 2007

# ENCONTROS

PINTURA, ESCULTURA E GRAVADO

O tratadista Leppinot ten un libro titulado "A medicina como arte e ciencia". ¿Quere isto dicir que os médicos son artistas? Dende logo no seu si; e, ademais, algúns auténticas figuras nas artes onde entraron quizais buscando relaxación e serenidade tras o traballo profesional diario. A mi práceme moito presentar a exposición de tres médicos que poderían vivir, de querelo, da pintura, da escultura e do gravado.

**XOSÉ GARCÍA ALBEOS.** Vigués (1952), gustou sempre dende neno do debuxo e da pintura pero a súa profesión impidiulle a dedicación asidua moitos anos. Autodidáctico, ainda que asistía de cando en vez a algún estudio de arte, no 2002, máis libre, comeza a pintar con maior dedicación. A súa amizade co pintor Montes, fraternal mentor seu, animouno a traballar con máis constancia pois albiscou nel a luz dun auténtico creador. E foi un aglao para a crítica e os diletantes. A súa obra foi axiña de tal calidade que mesmo docentes de sona das artes, como o profesor Antón Castro, falan encomiablemente del e mesmo o comparan con pintores de gran renome. E é verdade; sobre todo na plasmación da paisaxe galega na que as brumas, a humidade, a cor e mesmo esa misteriosa, doce e saudosa impregnación que emana da nosa terra é captada pola mirada deste artista-artista digo, dito ben, agora-. E para máis, Xosé García Albeos, enche a súa obra dunha aura poética imaxe da súa personalidade. Métanse dentro das súas paisaxes e magnifiquense mirando e sentindose parte delas. García Albeos dará moito que falar no futuro da súa historia artística.

**MARIO HORTAS.** É curioso que, ao ver as esculturas de Hortas, lle pasei a man por riba como soe facer todo o que mira algún neno de Failde. Debe haber, hai, unha coincidencia animica entre os dous artistas. O caso é que a primeira vez que Mario Hortas colleu un cicel e unha maceta, deixadas "ata o luns" por un canteiro diante da pedra, déronlle arelas de probalas e atopou a súa vocación: fixo un neno de granito que parecía respirar. (Diferénciase de Failde, porque Hortas ten dentro un grande pouso intelectual e cultural de arte, de colecciónismo, de amor á beleza material sublimada). E, isto é importante, unha profunda -¿atavismo?- atracción telúrica cara a Galicia. Así sáelle, sempre, iso que demos en chamar galeguidade- "isto é galego"- que ten a súa pegada no que coñecemos como o noso románico. Non hai máis que achegarse á obra de Hortas para pensar no mestre Mateo e en tantos canteiros-escultores do medievo que sen o saber xa tiñan no cerne a mesma mensaxe que terían co tempo, cando se iniciaran, os novos escultores.

Pois Hortas incorpórase moi dignamente a esa nómina de escultores "antigos" con valiosa modernidade e coa pegada galega que lle chega a través do tempo.

**ANTONIO DÍAZ PEDREIRA.** Natural de Viveiro (Lugo), é un extraordinario gravador, que comezou realizando pola súa conta xilografías e linoleografías, no 1979, cando exercía a medicina no País Vasco. Pasou logo polos talleres de gravado de Cristina Sicilia e de Raimundo Orozco e, finalmente fixose no "+ Obra Gráfica Galega", de Vigo xunto con De Sousa, Meixide e Rial con quen acadou todos os mestres deste oficio artístico. Ao dominio da técnica e á súa perfección no debuxo únense un coñecemento das correntes e vias polas que transcorre o gravado hoxe en dia situando a súa liña creadora nese equilibrio que casa o clásico coa más audaz vanguarda e que coloca á súa obra e por ende a el mesmo, na nómina dos máis destacados gravadores. Proba diso é o seu currículo e a aceptación que teñen as súas exposicións. O visitante poderá constatalo vendo a perfección e a valentía- detéñanse nas excepcionais xilografías- das súas creacións, proba de que Pedreira é xa un mestre da gubia e do buril. Non en van pertence ao Taller Experimental de Gráfica e ao colectivo Grupo Graph de Vigo. E a súa inscrición na guía de Artistas de Galicia editado pola Consellería de Cultura.

LALO VÁZQUEZ GIL

Ex-Director do museo municipal de Vigo "Quiñones de León"  
Cronista Oficial da cidade de Vigo

# Xosé García Albeos



Exposiciones colectivas: 2002 - Colegio Oficial de Médicos (Pontevedra) e no CHUVI (Vigo); 2006 - "Artistas con UNICEF" (Sala de Arte Caixagalicia, Santiago).

Exposiciones individuales: 2003 - Casa del Libro (Vigo) e na Área Panorámica de Tui (Xunta de Galicia); 2004 - Fundación Araguane (Santiago); 2005 - Conxunto Histórico de Soutomaior (Deputación Provincial de Pontevedra). Casa de Galicia-Madrid (Xunta de Galicia). Sala Teucro-Pontevedra e Ateneo de Ourense (Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia); 2006 - Galería Sargadelos (Milán). Galería José Lorenzo (Santiago); 2007 - Galería Borrón 4 (Cambados).

Premios: 2003 - De Pintura e Mención Honorífica no concurso "Artes da Raya" (Monção-Portugal). Accésit AMA no VI Concurso de Pintura do Colegio Oficial de Médicos de Pontevedra; 2005 - 1º Premio no VIII Concurso do Colegio Oficial de médicos de Pontevedra.



# Mario Hortas Guldris



Non é un escultor moi amigo de andar expoñendo a súa obra ainda que ten participado en mostras colectivas e así mesmo na Bienal de Arte da Deputación de Pontevedra, do ano 1999, para a que foi seleccionado polo xurado, pero a súa obra está repartida por diferentes coleccións particulares importantes.

Hai que ter en conta que as súas creacións, moi meditadas veñen ser un compendio pétreo e simbólico da Galicia de todos os tempos, pois nela representase, con senso de modernidade que conxuga o clasicismo e o ancestral románico galego e que resalta -nas súas concepcións- fundamentos da galeguidez como é todo o tradicional, por exemplo a eterna muller nai que é para el- e para nós-como a mesma terra nutritiva galega.

E, por outra banda, as súas formas concisas, de ingrávidade pechada, a súainxenuidade expresiva e a súa poetización causan un forte desexo de posuir as súas esculturas.




# Antonio Díaz Pedreira



Certame nos que foi seleccionado:  
XIII Premio Gravado M. Ramos, Ferrol 1999.  
VI Bienal Internacional de Gravado CaixaNova.  
Premio Prieto Nespereira 2000. XV Premio de Gravado M. Ramos, Ferrol 2001. Concurso Int. "J. Rulfo". Premio A. Pérez, Cuenca 2002. 70 Salón Outono da Asociación Española de Pintores e Escultores, Madrid 2003. IV Certame de Gravado J. Caballero, Las Rozas-Madrid 2003. V Bienal de Gravado Ciudad de Borja 2004. III Bienal de Arte Villa de Mijas, Málaga 2005. 5th Lessedra World Art Print 2006, Sofia-Bulgaria. 26º Miniprint Int. Cadaqués con exposicións en Bages-Francia e Farleys-Inglatera, 2006. Certame Artes Plásticas, Córdoba 2006. Bienal Internac. Miniatura Print Exhibition, Vancouver-Canadá 2006. 73 Salón Outono Madrid 2006. 53 Exhibition Kyoto Int., Woodprint-Xapón 2007.

Premios: Premio de Gravado no Certame das Artes Plásticas (Lorenzo Aguirre), Madrid 2007.

Obra en Institucións: Biblioteca Nacional, Madrid. Museo da Estampa Contemporánea, Betanzos. Fundación A. Pérez, Cuenca. Arquivo-Biblioteca da Deputación Pontevedra. Asoc. Aires, Córdoba. Concello de Viveiro, Lugo.



**CASA GALEGA DA CULTURA**

Praza da Princesa, nº2

Vigo

**HORARIO**

Luns a venres: 18.00 a 21.30 h.

Sábados: 11.00 a 14.00 e 18.00 a 21.30 h.

Domingos e festivos: 11.00 a 14.00 h.



**Concello de Vigo**  
Cultura